



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

O Comité da Coruña ante os DESPIDOS de Madrid

O pasado venres 8 de agosto celebrouse Pleno Ordinario do Comité da Coruña no que un dos puntos tratados foi a apertura por parte da empresa de expedientes a 9 compañeiros de Madrid, 3 deles xa recibiron tamén a notificación da sanción imposta que é a máxima que se pode aplicar: **DESPIDO**.

Neste punto do Pleno, presentáronse 4 Propostas de Resolución: CIG, AST e STC presentamos cada forza sindical unha proposta e presentouse tamén outra conxunta de CCOO e UGT. A Proposta presentada pola CIG foi a seguinte:

[Proposta de Resolución da CIG ao Comité de Empresa de A Coruña](#)

O comité de Empresa de A Coruña solicítalle á empresa a retirada dos expedientes abertos aos 9 delegados de Madrid e apoia as medidas que na defensa dos compañeiros expedientados adopte o Comité de Empresa de Madrid, e/ou o Comité Intercentros.

A Coruña 8 de agosto de 2008

A nosa proposta é clara, directa e moi doada de entender, pretende un obxectivo evidente: Que o Comité da Coruña solicite a retirada dos expedientes e apoie aos Comités de Madrid e Intercentros nas medidas que tomen na **DEFENSA** dos compañeiros expedientados, incluímos o termo defensa porque parece claro que o Intercentros non está a defender a estes compañeiros como debería ser, por ese motivo aclaramos que as medidas que se tomen deben ser para defender a estes compañeiros, tal e como se fixo en outras ocasións.

Non quixemos entrar a valorar nin interpretar o ocorrido en distrito C, entendemos que o obxectivo fundamental é loitar pola retirada dos expedientes. Por coherencia tivemos que abstermos nas Propostas presentadas por parte de AST e STC pois para nos hoxe o máis importante é a retirada dos expedientes. Evidentemente votamos en contra da proposta conxunta de CCOO e UGT xa que eles interpretan os feitos como lles convén deixando sen amparo aos compañeiros expedientados.

A única proposta que foi aprobada foi a de CCOO-UGT cos votos a favor destas forzas e en contra de CIG, AST e STC. A proposta da CIG foi apoiada por CIG, AST e STC pero votaron en contra CCOO e UGT. Lamentamos que ante os **DESPIDOS** algúns sindicatos se sitúen do lado da empresa.

Dende a CIG apoiaremos as medidas que busquen a retirada dos expedientes intentando actuar de xeito coordinado con outras forzas que persigan estes mesmos obxectivos. Como forza sindical actuaremos para evitar que estas sancións sexan levadas adiante pola empresa pois é evidente que non podemos deixar sen amparo a compañeiros, esta mesma postura foi mantida sempre pola CIG.

A Coruña 11 de agosto de 2008